

# XORNADAS DE VERÁN 2011

A CORUÑA  
SANTIAGO  
FERROLTERRA  
A MARÍÑA LUGUESA  
LUGO  
OURENSE  
PONTEVEDRA  
VIGO

X. Martín o II



# XXXV XORNADAS DO ENSINO DA CORUÑA

DO 26 DE SETEMBRO AO 1 DE OUTUBRO.

IES MENÉNDEZ PIDAL (ZALAETA)

## LUNS 26

Ás 16:30 horas. Recepción e entrega de materiais.

Ás 16:45 horas. Inauguración das Xornadas.

## OBRADOIROS OPTATIVOS:

**LUNS.** De 18:00 a 20:30 horas.

**MÉRCORES.** De 16:30 a 18:30 horas.

**XOVES.** De 16:30 a 19:30 horas.

**VENRES.** De 16:30 a 19:00 horas.

### Obradoiro 1. OBRADOIRO DE CREACIÓN LITERARIA

LITERALÚDICA: INTERVENCIÓN LITERARIA CREATIVA. Por Fernando Díaz-Castroverde Gómez, profesor de lingua e literatura galegas.

### Obradoiro 2. OBRADOIRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS

ANIMANDO AOS/AS PRIMEIROS/AS LECTORES/AS CON JCLIC. Por Xesús Pacoret Balsa, profesor no CEIP Rosalía de Castro da Coruña.

### Obradoiro 3. OBRADOIRO DE GRAVADO

DIÁLOGOS ENTRE A IMAXE E A PALABRA, O LIBRO DE ARTISTA E A OBRA GRÁFICA COMO ALTERNATIVA. Por Rubén Fernández Sánchez, gravador e editor de obra gráfica e François Davo, profesor de educación secundaria.

## ACTIVIDADES:

### LUNS 26.

De 17:00 a 18:00 horas.

A CRISE ECONÓMICA E A EDUCACIÓN EN GALIZA. Por Anxo Louzao

Rodríguez, Secretario Nacional da Cig- Ensino.

### **MÉRCORES 28.**

De 18:30 a 20:30 horas.

#### **O ALUMNADO DE ALTAS CAPACIDADES COGNITIVAS: QUE SON E QUE RESPOSTAS EDUCATIVAS PRECISAN.**

Por Carmen Mª Pomar Tojo, profesora do Departamento de Psicología Evolutiva e da Educación, membro da Unidade de Estudo e Investigación en Superdotación da USC, coordinadora Técnica de ASAC (Asociación de Altas Capacidades de Galicia) e Xosé Tomás Díaz, profesor de ensino secundario no IES Melide, ilustrador, guionista e humorista gráfico, membro directivo de ASAC (Asociación de Altas Capacidades de Galicia)

Realizarase, en primeiro lugar, un percorrido teórico que explique en que consisten as altas capacidades cognitivas, así como a súa clasificación e diferentes tipoloxías. Esta aclaración inicial, imprescindible para axear as prácticas educativas a un alumnado considerado con necesidades de atención educativa específicas, levará a unha exposición dos enfoques pedagóxicos máis recomendables.

Na segunda parte do relatorio amosaranse una serie de exemplos tirados da realidade das aulas e dos diferentes niveis non universitarios, a modo de recomendación de boas prácticas co alumnado de AACCC e, en consecuencia, coa totalidade do grupo.

### **XOVES 29.**

De 19:30 a 20:30 horas.

**PRESENTACIÓN DOS NOVOS PROXECTOS A AS-PG EN EDUCACIÓN DIXITAL E REDES SOCIAIS.** Por Xoán Xosé Costa Casas, presidente da AS-PG.

### **VENRES 30.**

De 19:30 a 20:30 horas.

**NO 50 ANIVERSARIO DE MEMORIAS DUN NENO LABREGO.** Por Xosé Neira Vilas, escritor

### **SÁBADO 1.**

De 10:30 a 14:00 horas.

**ROTEIRO DIDÁCTICO A RECUPERACIÓN MICROTAPONÍMICA DA PENÍNSULA DA TORRE.** Por Xurxo Souto, cantante, escritor e licenciado en filosofía clásica e o percebeiro Emilio Mariñas, editado pola AGRUPACIÓN CULTURAL ALEXANDRE BÓVEDA

# XX XORNADAS DO ENSINO DE SANTIAGO

DO 19 AO 26 DE SETEMBRO.

IES AS FONTIÑAS.

**LUNS 19.**

Ás 16:00 horas.

Recepción e entrega de materiais.

## OBRADOIROS OPTATIVOS:

**LUNS 19, MARTES, XOVES E VENRES.**

De 17:30 a 20:30 horas.

**Obradoiro 1.**

**A PAPIROFLEXIA NO ENSINO**

Por Teresa Otero Suárez, profesora de matemáticas no IES Antón Fraguas de Santiago e Covadonga Blanco García, profesora de matemáticas na Escola de Aparelladores da Universidade da Coruña.

**Obradoiro 2.**

**ASTRONOMÍA: AS ESTRELAS E NÓS**

Por Salva Bará, profesor na USC, doutor en Física, coordinador do programa “Astronomía na beirarrúa” e Teresa Mancebo, licenciada en Física, profesora de Tecnoloxía do IES A Pastoriza.

**Obradoiro 3.**

**CINCUENTA ANOS DE “MEMORIAS DUN NENO LABREGO”. DIÁLOGO  
CON BALBINO, UN POBRE RAPAZ DE ALDEA**

Por Marga Romero Lorenzo, profesora de lingua e literatura galegas no IES S. Paio de Tui, escritora.

### **LUNS 26.**

De 16:30 a 19:30 horas.

#### **TALLER DE CREACIÓN ARTÍSTICA.**

Por Miguel Ángel Carbajal Porto, profesor no IES M. García Barros.

### **ACTIVIDADES:**

#### **LUNS 19.**

De 16:30 a 17:30 horas.

#### **A CRISE ECONÓMICA E A EDUCACIÓN EN GALIZA.**

Por Anxo Louzao Rodríguez, Secretario Nacional da Cig- Ensino.

#### **MARTES 20.**

De 16:30 a 17:30 horas.

#### **NO 50 ANIVERSARIO DE MEMORIAS DUN NENO LABREGO.**

Por Xosé Neira Vilas, escritor.

#### **XOVES 22.**

De 16:30 a 17:30 horas.

#### **ESCRIBIR E FALAR CIENCIAS NA AULA.**

Por Marilar Aleixandre, doutora en bioloxía, catedrática de ciencias naturais de ensino medio, catedrática de didáctica das ciencias na USC.

#### **VENRES 23.**

De 16:30 a 17:30 horas.

#### **HISTORIA GALEGA 2.0: NOVAS VÍAS PARA CONTAR O PASADO DE GALICIA.**

Por Manuel Gago, doutor en Ciencias da Comunicación e profesor de Xornalismo na USC, director de culturagalega.org.

# XXII ENCONTROS PEDAGÓXICOS DE FERROLTERRA

DO 22 AO 30 DE SETEMBRO. CEIP ISAAC PERAL / IES  
SATURNINO MONTOJO / LOCAL DA CIG

**XOVES 22.** Ás 16:00 horas.

Recepción e entrega de materiais.

## OBRADOIROS OPTATIVOS:

**XOVES 22, LUNS, MÉRCORES E XOVES 29.**

De 16:30 a 18:30 horas.

### Obradoiro 1. COMO MELLORAR AS HABILIDADES SOCIAIS

Por M<sup>a</sup> do Pilar Parajó Naveira, educadora social e licenciada en psicoloxía pola USC.

### Obradoiro 2. A REDE COMO ESPAZO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Por Iolanda Gomis Parada e Amador Loureiro Branco (Tagen-Ata).

### Obradoiro 3. COMO EVITAR A FRUSTRACIÓN NO TRABALLO?: A RISA É O MÁIS SAUDABLE!

Por Carmen González Santos, pedagoga e actriz.

**XOVES 22, LUNS, MÉRCORES, XOVES 29 E VENRES.**

De 16:30 a 18:30 horas.

### Obradoiro 4. ELABORACIÓN DE PELÍCULAS EDUCATIVAS USANDO AS TIC

Por Florentino Fernández Cueto, profesor de FP de electrónica industrial no IES Ferrolterra.

## **VENRES 30**

De 16:30 a 18:00 horas

### **UTILIZACIÓN DE OBXECTOS INDIVIDUAIS DE APRENDIZAXE NAS CIENCIAS SOCIAIS**

Por Manuel González, licenciado en psicoloxía e profesor no IES. C. Arenal. Os novos xeitos de comprender e interactuar coa realidade por parte do alumnado e os cambios tecnolóxicos están a posibilitar un uso masivo dos obxectos audiovisuais, pois son autónomos, consultábeis e interactivos. É necesario polo tanto aprender a usalos para mellorar a aprendizaxe.

De 18:00 a 19:00 horas.

### **ESPECTÁCULO DIDÁCTICO TEATRAL: VERBUM FAHRENHEIT**

Dirixido ao alumnado de 2º ciclo de secundaria e bacharelato. Por Limiar Teatro, compañía teatral de Vigo.

## **ACTIVIDADES:**

### **XOVES 22**

De 19:00 a 21:00 horas.

**A CRISE ECONÓMICA E A EDUCACIÓN EN GALIZA.** Por Anxo Louzao Rodríguez, Secretario Nacional da Cig- Ensino.

### **LUNS 26**

De 19:00 a 21:00 horas.

**ROSALÍA DE CASTRO, ESTRANXEIRA NA SÚA PATRIA.** Por Francisco Rodríguez Sánchez, catedrático de literatura e crítico literario.

### **MÉRCORES 28**

De 19:00 a 21:00 horas.

**MULLERES SENLLEIRAS NA HISTORIA, SOCIEDADE E CULTURA GALEGAS.** Por Aurora Valentina Caabeiro, licenciada en filoloxía galego-portuguesa pola USC.

### **XOVES 29**

De 19:00 a 21:00 horas.

**ÁLVARO CUNQUEIRO: AS IMAXES DUNHA VIDA.** Por Elvira Roiz Mesías, profesora de lingua galega no IES C. Arenal de Ferrol.

# III ENCONTROS PEDAGÓXICOS DE LUGO

DO 19 AO 26 DE SETEMBRO.  
IES Nª SRA. DOS OLLOS GRANDES.

**LUNS 19.** Ás 16:00 horas. Recepción e entrega de materiais.

## OBRADOIROS OPTATIVOS:

**LUNS 19 E MARTES 20.** De 18:00 a 20:30 horas.

**XOVES 22.** De 16:30 a 20:00 horas.

**VENRES 23.** De 16:30 a 19:00 horas.

**LUNS 26.** De 16:30 a 18:30 horas.

**Obradoiro 1. OBRADOIRO DE MÚSCIA: O CORPO COMO FERRAMENTA PARA A APRENDIZAXE.** Por Cristina Lata Villoch.

**Obradoiro 2. OBRADOIRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS**  
Por Mercedes Pilar Fernández García.

## ACTIVIDADES:

**LUNS 19.** De 16:30 a 18:00 horas.

**NO 50 ANIVERSARIO DE MEMORIAS DUN NENO LABREGO.** Por Xosé Neira Vilas, escritor.

**MARTES 20.** De 16:30 a 18:00 horas.

**A SITUACIÓN ACTUAL DA EDUCACIÓN NA GALIZA.** Por Anxo Louzao, Secretario Nacional da Cig-Ensino.

**VENRES 23.** De 19:00 a 20:30 horas.

**A CIDADE COMO RECURSO DIDÁCTICO. UNHA VISIÓN PLURIDISCIPLINAR.** Por Adolfo de Abel Vilela, doutor en xeografía e historia, membro electo da Real Academia da Historia.

**LUNS 26.** De 18:30 a 20:00 horas

**VISITA GUIADA E COMENTADA POR PUNTOS EMBLEMÁTICOS DA CIDADE.** A cargo de Adolfo de Abel Vilela, doutor en xeografía e historia, membro electo da Real Academia da Historia.

# XIX ENCONTROS PEDAGÓGICOS DA MARÍÑA LUGUESA

DO 26 AO 30 DE SETEMBRO.  
IES DE FOZ.

## LUNS 26.

Ás 16:00 horas. Recepción e entrega de materiais.

De 16:30 a 18:30 horas. Charla Inaugural ROSALÍA DE CASTRO, 125 ANIVERSARIO. Por Mónica Pazos Martínez, profesora de ensino secundario.

## OBRADOIROS OPTATIVOS:

LUNS 26. De 18:30 a 20:30 horas.

MÉRCORES 28 E XOVES 29. De 16:30 a 18:30 horas.

Obradoiro 1. APLICACIÓNS WEB NA AULA. Por Uxío Cerecedo González, profesor no IES Illa de Sarón.

Obradoiro 2. RECICLAXE.

Por Paz Quiroga Labrada, mestra no IES de Alfoz.

## ACTIVIDADES:

MÉRCORES 28. De 18:30 a 20:30 horas.

CONCERTO DE TUMBA E DÁLLE. Concerto didáctico de música tradicional galega.

XOVES 29. De 18:30 a 20:30 horas.

A CRISE ECONÓMICA E A EDUCACIÓN EN GALIZA. Por Anxo Louzao, secretario nacional da Cig-Ensino.

VENRES 30. De 16:30 a 20:30 horas.

VISITA CULTURAL. Visita ao concello de Foz, Bispo Santo, Ruta das praias, paseo pola beira do río Ouro en Fazouro...

# XIX ENCONTROS PEDAGÓXICOS DE OURENSE

DO 19 AO 28 DE SETEMBRO.

LOCAL DA FORGA / AUDITORIO DE OURENSE.

**LUNS 19.** Ás 16:00 horas. Recepción e entrega de materiais.

## OBRADOIROS OPTATIVOS I:

**LUNS 19, MARTES, XOVES E VENRES.** De 16:30 a 18:30 horas.

**Obradoiro 1. EDUCACIÓN DIXITAL E SOBRE O XESTOR WEB DRUPAL.**

Por Purificación Vázquez Fidalgo, licenciada en Matemáticas pola U. de Santiago de Compostela.

**Obradoiro 2. EXPERIMENTOS E ACTIVIDADES PARA O ENSINO DAS CIENCIAS**

Por Marta Eva González Barreira, bióloga con experiencia en divulgación científica en diversos proxectos.

## OBRADOIROS OPTATIVOS II:

**LUNS 19, MARTES, XOVES E VENRES.** De 19:00 a 21:00 horas.

**Obradoiro 3. OBRADOIRO DE TEATRO EN INGLÉS PARA DOCENTES**

**/ ENGLISH THEATRE WORKSHOP FOR TEACHERS.** Por Thelma-Joy Putnam licenciada en Arte Dramático pola Universidade de Londres.

**Obradoiro 4. GRAMÁTICA DA BANDA DESEÑADA.** Por Carlos Rafael

Ramos, guionista da banda deseñada “Historia de Galicia” (3 vol) e do cómic “A noite e as sombras”.

## MÉRCORES 28. AUDITORIO DE OURENSE

De 17:00 a 18:30 horas. **NO 50 ANIVERSARIO DE MEMORIAS DUN NENO LABREGO.** Por Xosé Neira Vilas, escritor.

De 19:00 a 20:30 horas. **A CRISE ECONÓMICA E A EDUCACIÓN EN GALIZA.**

Por Anxo Louzao, secretario nacional da Cig-Ensino

# XXIII SEMANA DA EDUCACIÓN DE PONTEVEDRA

DO 19 AO 26 DE SETEMBRO. PAZO DA CULTURA.

## LUNS 19.

Ás 17:00 horas. Recepción e entrega de materiais.

De 17:30 a 19:00 horas.

Conferencia inaugural A CRISE ECONÓMICA E A EDUCACIÓN NA GALIZA.  
Por Duarte Correa Piñeiro, licenciado en historia, membro da executiva nacional e responsábel de relacións internacionais da Cig-Ensino.

## OBRADOIROS OPTATIVOS I:

### MARTES, XOVES, VENRES E LUNS 26.

De 17:00 a 19:00 horas.

Obradoiro 1.

FILOSOFÍA PARA NEN@S EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.

Por M<sup>a</sup> del Carmen Loureiro López, profesora de lingua e educación para a cidadanía no IES da Illa de Arousa.

Obradoiro 2.

A SAÚDE LABORAL E A PREVENCIÓN DE RISCOS NO ENSINO.

Impartido polo Gabinete Técnico de Saúde Laboral da Cig.

Obradoiro 3.

LIDERAZGO EFICAZ E HABILIDADES SOCIAIS PARA TRABALLADORES/AS  
DO PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

(obradoiro NON homologado). Por Ana González Quinteiro, Diplomada en educación social e licenciada en filoloxía clásica.

## **OBRADOIROS OPTATIVOS II:**

**LUNS 19, MARTES, XOVES E VENRES.** De 19:00 a 21:00 horas.

**Obradoiro 1. ANDANDO ANDANDO ANDANDO, ANDANDO SEN PARAR... PONTEVEDRA CIDADE EDUCATIVA. ROTEIROS DIDÁCTICOS.**

Por Roberto Rivas Reboredo, licenciado en historia, é membro da xunta directiva da AS-PG.

**Obradoiro 2. O RECUNCHO DOS RETRATOS: A EXPRESIÓN PLÁSTICA COMO FERRAMENTA EDUCATIVA.**

Por Begoña Paz García, Licenciada en Belas Artes, directora da Escola de Tempo Libre Paspallás.

**Obradoiro 3. HISTORIAS PARA BEBÉS. OS CONTOS NO PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.**

(obradoiro NON homologado).

Por Tareixa Alonso García, Contadora de historias e autora de contos infantís.

### **LUNS 26**

De 19:30 a 21 horas.

**Acto de clausura: NO 50 ANIVERSARIO DE MEMORIAS DUN NENO LABREGO.**

Por Xosé Neira Vilas, escritor.

# XXXV XORNADAS DO ENSINO DE VIGO

DO 26 AO 30 DE SETEMBRO.

IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO / CEP IGREXA – VALADARES

## LUNS 26. (IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO)

Ás 16:30 h. Recepción e entrega de material.

Ás 16:45 h. Inauguración e benvida a cargo do Secretario Comarcal da CIG-Ensino de Vigo, Xosé Saiáns.

Ás 17:00 h. NO 50 ANIVERSARIO DE MEMORIAS DUN NENO LABREGO. Por Xosé Neira Vilas, escritor.

Ás 17:45 h. Presentación de “Celtic roots” en libro, disco e DVD -que conta coa participación de Xosé Manuel Budiño-, a cargo das profesoras M<sup>a</sup> Xesús Álvarez e Susana González de CEIP Humberto Juanes de Nigrán.

Ás 18:30 h. Descanso-café.

Ás 18:45 h. Presentación ao profesorado da obra teatral “Fahrenheit 451” por Limiar Teatro, sobre textos de escritores galegos contemporáneos e temática relacionada co momento actual da nosa lingua.

Ás 19:45 h. Conferencia a cargo do Responsable de Internacional da Cig-Ensino, Duarte Correa Piñeiro : “A crise económica e a educación en Galiza”.

Ás 20:30 horas. Remate da xornada inaugural.

## OBRADOIROS OPTATIVOS:

**MÉRCORES 28, XOVES 29 E VENRES 30.** De 16:00 a 21:00 horas.

**Obradoiro 1. RISOTERAPIA.** (CEP Igrexa-Valadares). Por Anabel Gúlfas, politóloga que leva impartindo obradoiros relacionados coas técnicas de Risoterapia dende hai xa varios anos.

**Obradoiro 2. ELABORACIÓN DE RECURSOS EDUCATIVOS CON LIM (LIBROS INTERACTIVOS MULTIMEDIA)** (IES S.Tomé de Freixeiro). Por Xosé Antón Vicente Rodríguez, Licenciado en Ciencias da Educación e Diplomado en Maxisterio.

**Obradoiro 3. ORALIDADE E ANIMACIÓN LECTORA.** (CEP Igrexa – Valadares). Por Benxamín Míguez Novoa, mestre, licenciado en Historia e especialista en formador de formadores polo Ministerio de Educación e Ciencia.

# PASEOS PEDAGÓXICOS DE VIGO

## HISTORÍA (NATURAL) DA RÍA DE VIGO I

DO 17 AO 24 DE SETEMBRO

Da man de Xurxo Pérez, Xosé María Bouzó e Francisco Martínez, condutores habituais dos “Paseos”, faranse diversos percorridos pola Ría de Vigo con explicación in situ dos principais procesos de erosión e de ocupación do litoral así como os impactos sufridos na costa e a súa deturpación.

### **SÁBADO 17.**

A erosión do río Verdugo. Desde Os Pasos da Fraga á Central de Laforet. Todo o día.

### **LUNS 19.**

Os primeiros poboadores e o lume. Desde Monte Penide a Rande. Pola tarde.

### **MARTES 20.**

Teis como exemplo da ocupación do litoral. Desde Torres de Padín a Guixar. Pola tarde.

### **XOVES 22.**

A erosión en directo. Rappel nas fervenzas de A Roca (río verdugo). Opcional. Pola tarde.

### **VENRES 23.**

A deturpación de praias e zonas húmidas. Xunqueira do Lagares- Braña de Oia – Toralla. Pola tarde.

### **SÁBADO 24.**

O impacto da acuicultura en mar. Rande – Redondela – Cesantes. Todo o día. En piragua.

Horario: sábado 17 e sábado 24 de setembro, de 10 a 14 h. e de 16.30 a 20.30 h. e luns 19, martes 20, xoves 22 e venres 23 de 16 a 21 h.

Os horarios de saída para cada unha das actividades farase saber no seu momento aos admitidos/as.

# TÁBOA DE CONTÍDOS

## PAPIROFLEXIA.

### A PAPIROFLEXIA NO ENSINO

A papiroflexia ten un papel importante no campo da educación nos niveis de primaria, secundaria e, mesmo como apoio de certas disciplinas, a nivel universitario. Meterémonos no mundo do “papel” e proporcionarase a linguaxe e código precisos para a comprensión dos diagramas e libros da materia. Segundo se van introducindo os símbolos, empezárase a elaborar figuras. Construíranse varias figuras con movemento que resultan moi creativas e axeitadas para nenos dos primeiros niveis do ensino, tamén se achegarán conceptos matemáticos adaptábeis a todos os niveis do ensino; desde o simple xogo e realización de crebacabezas até o estudo da trigonometría, semellanzas, simetrías e rotacións.

## ASTRONOMÍA.

### ASTRONOMÍA: AS ESTRELAS E NÓS

O ceo estrelado, hoxe en risco de desaparecer das nosas vidas debido á contaminación lumínica das nosas cidades e vilas, é un valioso recurso para a actividade educativa. Neste obradoiro multidisciplinar lembraremos os usos e significados do ceo en diferentes culturas, botaremos un ollo ao universo no que vivimos, coñeceremos as figuras e historias debuxadas nas estrelas e practicaremos o manexo de prismáticos e telescopios para observar o ceo. Tamén aprenderemos a fotografar a Lúa e os planetas a través de pequenos telescopios usando cámaras compactas ou de teléfonos móbiles. Coñeceremos os principais recursos para organizar nos centros actividades relacionadas coa astronomía e analizaremos algunhas das experiencias desenvolvidas na Galiza. O obradoiro completárase con unha hora nocturna ( de asistencia non obrigatoria) para a observación do ceo.

## LINGUA E LITERATURA.

### LITERALÚDICA: INTERVENCIÓN LITERARIA CREATIVA

Neste Seminario ofrécense un conxunto de estratexias e destrezas para o

traballo literario creativo nas aulas. É unha proposta de in\_tervención e de progreso por experiencia, que ten como obxectivo estimular a destreza da escritura e contemplar o feito literario desde unha perspectiva lúdica e de inmersión. Valoraranse diversos modelos de propostas literarias creativas e exercitarase a partir dos mesmos, tendo como obxectivo final a súa traslación e aplicación na aula.

### **CINCUENTA ANOS DE “MEMORIAS DUN NENO LABREGO”. DIÁLOGO CON BALBINO, UN POBRE RAPAZ DE ALDEA**

Este obradoiro pretende, a partir da lectura na aula de Memorias dun neno labrego de X. Neira Vilas, reflectir e achegar ao alumnado os seguintes contidos:

Neira Vilas e o significado de Memorias dun neno labrego na súa escrita. Achegamento do alumnado ao autor a través da rede, despois da pescuda de material como entrevistas ou artigos.

O concepto de “Memoria” na literatura. A escrita desde unha primeira persoa. Biografía fronte á ficción.

Un neno labrego de hai cincuenta anos. Un neno labrego de hoxe.

A desaparición dos oficios e a “propiedade da terra”.

A escola de Balbino. A escola de hoxe. Evolución do ensino.

A vivencia da morte. Do mundo rural ao urbano.

A violencia na obra.

O concepto da familia.

A lingua como espello dun mundo que se perde. Aprendizaxe do léxico e dos campos semánticos.

Lingua estándar. Lingua literaria. Lingua popular. Lingua e identidade. Os dialectalismos.

Crear desde as “Memorias”: O cómic. A epístola (Cartas a Lelo). A adaptación ao teatro.

O filme posíbel.

Balbino hoxe.

### **GRAMÁTICA DA BANDA DESEÑADA**

Todas as claves para coñecermos a parte oculta dun medio de expresión con máis de 3.000 anos de historia.

Dende a viñeta até os bocadillos, dende a representación do tempo até a elipse narrativa; repasaremos todos os mecanismos, visibles e invisibles

que fan, desta arte visual, unha das ferramentas narrativas máis poderosas que se coñecen.

## **EXPRESIÓNS ARTÍSTICAS**

### **TALLER DE CREACIÓN ARTÍSTICA**

O sistema do Taller de Creación Artística impulsado por Miguel Carbajal xunto con outros docentes baséase no sistema cognitivo emocional, aprender entendendo o proceso a través das emocións.

### **O RECUNCHO DOS RETRATOS: A EXPRESIÓN PLÁSTICA COMO FERRAMENTA EDUCATIVA**

Neste curso imos introducirmos no autorretrato como soporte para aprofundar no mundo interior dos rapaces través da súa representación artística, empregando a técnica do collage e dándolle unha dimensión educativa coa creación do Recuncho dos retratos. O curso consistirá na realización dos nosos autorretratos a partires dunhas pautas de estudo da nosa fisonomía e percepción sensorial / emocional, para elo empregaremos a técnica do collage xa que favorece as posibilidades creativas. A modo de práctica, cara unha posible actividade a desenvolver na escola, realizaremos O recuncho dos retratos pintando unha parede (forrada de papel) con siluetas de marcos de diferentes tamaños, neste espazo de exposición permanente podemos colocar os autorretratos ou ben outros traballos feitos na aula.

### **OBRADOIRO DE GRAVADO: DIÁLOGOS ENTRE A IMAXE E A PALABRA, O LIBRO DE ARTISTA E A OBRA GRÁFICA COMO ALTERNATIVA**

Este obradoiro versará sobre a relación existente da obra narrativa e poética coa imaxe, da afectación e relevancia a nivel artístico. Como unha imaxe pode cambiar, reforzar ou transformar o sentido dun escrito. Repasaremos o sentido e a condición dun libro de artista como alternativa aos libros de edición convencional e traballarase directamente na elaboración dunha imaxe gráfica cos métodos tradicionais de gravura.

## **FERRAMENTAS DIXITAIS**

### **A REDE COMO ESPAZO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Conceptos teóricos e prácticos para a dinamización da Lingua, así como recursos, actividades e experiencias de dinamización e normalización.

## **EDUCACIÓN DIXITAL E SOBRE O XESTOR WEB DRUPAL**

Abordaremos o amplo e complexo mundo da Educación Dixital. Trataremos temas como a seguridade na Rede, así como unha utilización eficiente da mesma, a recente incorporación das redes sociais a educación, intentando analizar cales son as súas vantaxes e os seus perigos,... O obxectivo non é só intentar chegar aos docentes a educación dixital, senón que estes sexan capaces de empregar as novas tecnoloxías dunha maneira eficiente. Tamén nos dedicaremos ao manexo do xestor web Drupal, dirixida a persoas que non teñen coñecementos previos nin de programación ou deseño.

## **ELABORACIÓN DE RECURSOS EDUCATIVOS CON LIM (LIBROS INTERACTIVOS MULTIMEDIA).**

Obradoiro eminentemente práctico no que cada alumno adaptará un total de 51 tipos de páxinas, que permite crear a ferramenta de autor LIM á súa realidade na aula e no que primará, non tanto os coñecementos técnicos sobre a ferramenta, senón a utilización que se faga da mesma.

## **OBRADOIRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS**

Pizarra dixital: instalación, usos, software, aplicacións...

Programas: NoteBook e Activ Inspire.

Hardware para a aula: visor de documentos, rato inalámbrico...

O libro dixital e programas educativos.

Creación de materiais para a nosa páxina web: scrapbooks, PowerPoint, álbums de fotos, revistas dixitais...

Google docs, contos colaborativos en liña. Subida de contos á páxina web.

Software libre: Picassa álbums, presentacións, SlideShare, Youtube, Vimeo...

Uso e creación de blogs de aula.

## **ANIMANDO AOS/ÁS PRIMEIROS/AS LECTORES/AS CON JCLIC**

Apoio que pode prestar jclíc para despertar a ansia pola lectura nos primeiros lectores. Elaboración de aplicación ao efecto.

1.-Descarga e instalación de jclíc.

2.-Breve introdución de jclíc:

3.-Elaboración das nosas actividades

4.-Visualización das nosas actividades:

5.-Acceso ás actividades: nas aulas de informática dos centros.

## MULTIMEDIA

### ELABORACIÓN DE PELÍCULAS EDUCATIVAS USANDO AS TIC

Como elaborar películas de vídeo de contido educativo usando ferramentas baseadas nas tecnoloxías da información e da comunicación. Deseño e posta en práctica de películas educativas co alumnado e profesorado.

## ORALIDADE

### HISTORIAS PARA BEBÉS. OS CONTOS NO PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Como conto un conto? Cando contalo? Onde? A quen? E que conto conto? Serve este conto para crianzas desta idade? Apóíome en imaxes, en bonecos... ou so coa miña voz? E se non atenden que fago? Como fago para que atendan?

As crianzas escoitan historias dende o nacemento. Sérvenlles para aprender a entender o mundo.

Dende as cancións de ninar, até entender as historias propiamente ditas hai todo un proceso que é preciso coñecer e aprender a traballar.

Coñeceremos as distintas etapas evolutivas e materiais dos que podemos dispor.

### ORALIDADE E ANIMACIÓN LECTORA

Obradoiro adaptado sobre todo ao primeiro ciclo de infantil e primaria en base a contos orais e ao seu tratamento para a animación lectora. Consta dun taller de teoría e práctica.

## ROTEIROS DIDÁCTICOS

### ANDANDO ANDANDO ANDANDO, ANDANDO SEN PARAR... PONTEVEDRA CIDADE EDUCATIVA.

**Contido:** O Concello de Pontevedra oferta, dende hai varios anos, roteiros didácticos para escolares.

**Roteiro Castelao:** centrado na vida e obra de Castelao e no seu paso pola cidade.

**Roteiro “Pontevedra e o mar”:** Pontevedra foi unha cidade mariñeira da que apenas quedan restos que veremos neste roteiro.

**Roteiro “Pontevedra e os Bolechas”:** Percorrido guiado pola Pontevedra Medieval apoiado nos personaxes de Pepe Carreiro.

**Roteiro “ da mentira”:** Sabes que Teucro non fundou Pontevedra, a Praza da Estrela non se chama así pola fonte en forma de estrela que ten no medio, o cruceiro da Praza da Leña leva alí poucos anos, a fonte da Ferraría non está na Ferraría...

## RISOTERAPIA

### RISOTERAPIA

Obradoiro destinado fundamentalmente a coñecer e valorar as potencialidades terapéuticas e curativas da risa, así como a súa utilización como unha ferramenta favorecedora da comunicación e un estímulo da creatividade na aula.

### COMO EVITAR A FRUSTRACIÓN NO TRABALLO? A RISA É O MÁIS SAUDABLE!

A risa non é só unha cuestión divertida senón un modo de afrontar a realidade. Aprenderemos non só a rir, tamén a enfrontarnos con outro ánimo ao día a día, de maneira máis humana.

## MÚSICA

### OBRADOIRO DE MÚSICA: O CORPO COMO FERRAMENTA PARA A APRENDIZAXE

A finalidade do curso é dotar ao profesorado de recursos, abrindo unha vía de sensibilización sobre o fenómeno da danza na escola, como xeradora de destrezas positivas e como educadora por si mesma. Como mestres debemos reflexionar acerca de que a danza non é só un produto, reflectido nun espectáculo ou unha coreografía, senón que é un proceso artístico e creativo, que utiliza como medio de comunicación a expresión e a linguaxe xestual do corpo e logra un abano amplo de posibilidades expresivas, físicas, psíquicas, emocionais... logrando un desenvolvemento integral do alumnado, en capacidades como a comunicación, a autoconfianza, a socialización, o divertimento...

## FILOSOFÍA

### FILOSOFÍA PARA NENOS E NENAS NA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Un dos obxectivos fundamentais no ensino e conseguir que o noso alumnado sexa autónomo e teña un pensamento crítico.

A filosofía no é só estudar aos grandes filósofos, senón que é aprender a pensar. Neste curso trataremos de harmonizar o pensamento crítico, creativo e coidadoso a través da práctica das habilidades perceptivas, cognitivas, afectivas e sociais.

## SAÚDE LABORAL

### A SAÚDE LABORAL E A PREVENCIÓN DE RISCOS NO ENSINO

1. A saúde laboral e a prevención de riscos laborais. Conceptos básicos. Concepto de saúde. Lei de prevención de riscos laborais. Vixilancia da saúde.
2. Saúde laboral, enfermidades profesionais e accidentes laborais no sector docente. Trastornos no aparato auditivo, trastornos na voz, trastornos musculoesqueléticos, trastornos psicosociais.
3. Emerxencia e evacuación.
4. Primeiros auxilios.

## HABILIDADES SOCIAIS

### COMO MELLORAR AS HABILIDADES SOCIAIS

Como mellorar as habilidades sociais básicas en nós para melloralas despois nos outros. Compoñentes da comunicación verbal e non verbal e ferramentas para lograr optimizar as habilidades sociais.

### LIDERAZGO EFICAZ E HABILIDADES SOCIAIS PARA TRABALLADORES/AS DO PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

A comunicación eficaz, o saber comunicar, saber escoitar e a empatía cos compañeiros e alumnos é fundamental para levar adiante o traballo docente en calquera nivel educativo.

A figura do docente é moi importante para o desenvolvemento social do educando dende os primeiros anos de vida, polo que compre saber amosar un liderado democrático capaz de servir de instrumento de convivencia e integración social.

As habilidades sociais, a intelixencia emocional, a comunicación verbal e non verbal, liderado e conflitos.

## CIENCIAS

### EXPERIMENTOS E ACTIVIDADES PARA O ENSINO DAS CIENCIAS

O curso consistirá na presentación de diferentes recursos e materiais para que os docentes poidan complementar ou incluso substituír os contidos puramente teóricos por actividades prácticas que fomentan a aprendizaxe dedutiva e efectiva dos conceptos. A premisa fundamental do curso será o emprego de materiais dispoñibles nos laboratorios dos centros escolares e/ou de fácil adquisición e moi baixo custe.

## TEATRO

### OBRADOIRO DE TEATRO EN INGLÉS PARA DOCENTES / ENGLISH THEATRE WORKSHOP FOR TEACHERS

Este obradoiro está pensado especificamente para ensinar como empregar teatro para facer as clases sexan máis amenas e interesantes. O xogo, roll-play, mimo, improvisación, uso de titores e creación de obras son algúns dos métodos que vamos explorar no curso. Usando estes recursos pódese motivar o alumnado e crear una atmosfera de diversión e xogo na aula.

# MATRÍCULA:

## **Matrícula:**

[www.as-pg.com](http://www.as-pg.com) ou [www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

## **Homologación:**

Solicitada á Consellería de Educación por 19 horas para todos os cursos excepto para os Paseos Pedagóxicos de Vigo (36 horas) e os XIX Encontros Pedagóxicos da Mariña Luguesa (16 horas)

## **Prezos:**

Para os Paseos Pedagóxicos de Vigo:

Socios/as e Afiliación: 21€

Desemprego: 41€

Xeral: 66€

Para o resto das Xornadas:

Socios/as e Afiliación: 15€

Desemprego: 36€

Xeral: 60€

Organizan:



Colaboran:

